




FERVENZAS-EUME-A CAPELA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: A Capela-Central Ventureira: 5,5 km.
Percorrido polo Eume: 4 km

Dificultade: baixa

Duración: a pé 4 horas. En coche 1 hora.



Unha ruta pola parroquia e concello de A Capela que ten varias opcións: facela en coche e visitar só as fervezas principais ou facer un percorrido a pé seguindo o Eume ata o mosteiro de Caveiro e a confluencia do Sesín co Eume.

Fervezas da Mazoca

O río Sesín ou da Mazoca é un afluente do Eume que desemboca ao pé do mosteiro de Caaveiro. Antes de xuntarse co Eume o Sesín encáixase en granitos nunha zona con rápidos e varias fervezas de distintas alturas. A máis grande ten uns 10 m. Todo este tramo do río está aproveitado con muíños, algúns rehabilitados como aula etnográfica. Os arredores están ocupados por unha fraga ben conservada.

COMO CHEGAR: desde o centro da capital municipal (As Neves) cóllese a estrada que baixa á central do Eume. Despois de pasado Gunxel (aproximadamente 2 km) crúzase a ponte de Mazoca e pásanse un recinto pechado onde están os muíños. Ao rematar a sebe hai un pequeno entrante e un carreiro que baixa ao muíño de Pedro e á ferveza principal atravesando unha fraga. Desde a ponte da Mazoca hai tamén un carreiro á dereita polo que se pode seguir o río e ver outras fervezas. En Caveiro, baixand ao río desde o mosteiro, hai uns pequenos saltos nun fermoso recuncho con restos de muíños e unha ponte medieval.

Ferveza de Teixido

O río Teixido, afluente do Eume que desemboca ao pé da antiga central Ventureira, forma varios rápidos e fervezas de pouca altura antes de xuntarse co Eume.

COMO CHEGAR:

Desde As Neves cóllese a estrada que baixa á central do Eume e vese a ferveza a carón da antiga central.



Fervezas do Sesín



Fervezas do Teixido